

Xoves, 7 de febreiro de 2019

Núm. 27

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**BAIONA**

**Persoal, oposicións**

*BASES REGULADORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA O ACCESO DUNHA PRAZA DE CAPATAZ DE BRIGADA DE OBRA MEDIANTE PROMOCIÓN INTERNA, CORRESPONDENTE A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2018*

*ANUNCIO*

*EXPTE: 3918/2018*

En data 3 de xaneiro de 2019 por Resolución da Alcaldía aprobaronse as bases do proceso selectivo dunha dunha praza de praza de capataz de brigada, vías e obras vacante na plantilla de persoal funcionario, en quenda de promoción interna e incluída na Oferta Pública de Emprego de 2018, procedendo a publicación íntegra das bases no BOP de Pontevedra consonte o artigo 6 do RD 896/1991, do 7 de xuño e artigo 205.4 da Lei de emprego de Galicia.

**BASES REGULADORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA O ACCESO DUNHA PRAZA DE CAPATAZ DE BRIGADA DE OBRA MEDIANTE PROMOCION INTERNA VACANTE NA PLANTILLA DE PERSOAL FUNCIONARIOS CORRESPONDENTE A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2018.**

*1ª.—OBXECTO DA CONVOCATORIA*

A presente convocatoria ten por obxecto cubrir unha praza de Capataz de brigada de obras vacante na plantilla de persoal funcionario, correspondente a agrupacións profesionais (antigo Grupo E) pertencente á Escala de Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, coa categoría de persoal de oficios, e nivel 14 de complemento de destino, e o resto de retribucións previstas nos Orzamentos vixentes, incluídas na Oferta de Emprego Público de 2018 e vacantes na plantilla de persoal funcionario

*2ª.—SISTEMA SELECTIVO*

O sistema de selección e o concurso-oposición en virtude da necesidade de que os candidatos amosen a súa idoneidade para o posto a cubrir.

*3ª.—REQUISITOS PARA O ACCESO*

Para poder tomar parte no proceso selectivo de acceso pola quenda de oposición libre, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:



Xoves, 7 de febreiro de 2019

Núm. 27

1.—Ter nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

2.—Ter cumprido dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

3.—Ter a condición de funcionario do Concello de Baiona na especialidade de persoal de oficios, no antigo Grupo E (Agrupacións Profesionais) cunha antigüidade mínima de dous anos. Asemade poderá participar o persoal laboral fixo do Concello de Baiona que a entrada en vigor da Lei 7/2007, de 12 de abril (13.05.2007) estivese desempeñando postos de traballo na categoría de persoal de oficios.

4.— Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.

5.—Non ter sido condenado por delito doloso, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas, nin separado do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial. O cumprimento deste requisito acreditarase mediante a presentación dunha declaración xurada.

6.—Ter aboado os dereitos de exame por importe de 6,00 euros, mediante ingreso na conta xeral do Concello nº ES06 2080 5015 6030 4001 1550. Estarán exentos do pago da taxa aquelas persoas que estean inscritas como demandante do emprego no Servizo Público de Emprego Estatal, sempre que non estean cobrando ningún tipo de prestación, o que deberá acreditarse co correspondente certificado

2. Todos estes requisitos deberán acreditarlos na data en que remate o prazo de presentación de instancias da convocatoria correspondente.

#### 4ª.—PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1) As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ó Sr. Alcalde do Concello de Baiona, cuxo modelo figura no Anexo das presentes Bases e se facilitará no Rexistro Xeral do Concello de Baiona. A instancia conterà, polo menos, os datos persoais do solicitante co seu enderezo, achegándolle unha fotocopia autenticada do documento nacional de identidade non caducado xustificación do pagamento dos dereitos de exame así como a xustificación dos requisitos e méritos establecidos na base anterior.

Así mesmo, farase constar na instancia a opción do idioma no que desexe levar a cabo as probas: galego ou castelán.



Xoves, 7 de febreiro de 2019

Núm. 27

Para ser admitido/a nas probas selectivas correspondentes os/as aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que expire o prazo de presentación.

2) O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, mediante extracto, e previa publicación do texto íntegro das bases e a convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e extracto no DOG.

3) A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral do Concello, ben en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Asemade poderán presentarse mediante a sede electrónica <http://baiona.sedelectronica.gal/info.0>

4) As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse, no prazo sinalado, a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que llas remitirán seguidamente ó organismo competente.

5) Os/as aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude e, no seu caso, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e de medios para realizar os exercicios nos que a adaptación fose necesaria. Non obstante os/as aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude e acreditarlo mediante certificado expedido polos órganos competentes e no que se acredite a compatibilidade do grao de discapacidade co posto de traballo ó que solicita concorrer. Na solicitude o interesado deberá reflectir as necesidades específicas que teña para acceder ó proceso selectivo en igualdade de condicións que o resto dos/as aspirantes solicitando, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e de medios para realizar os exercicios nos que a adaptación fose necesaria de conformidade coa Orden PRE/1822/2006, do 9 de xuño.

Aqueles aspirantes que acrediten o nivel Celga 2 de coñecemento da lingua galega quedarán exentos da realización do exercicio correspondente ao coñecemento da lingua galega da oposición. Esta circunstancia deberán acreditarla documentalmente xunto coa solicitude de participación no correspondente proceso selectivo. Poderanse facilitar modelos normalizados das devanditas solicitudes.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas.

As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse, no prazo sinalado, a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que a remitirán seguidamente ao organismo competente.



Xoves, 7 de febreiro de 2019

Núm. 27

Os aspirantes quedan vencellados aos datos que fagan constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán corrixirse ou repararse en calquera momento ben de oficio ben a instancia de parte.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do aspirante.

En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

### *5ª.—RELACIÓN DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS*

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e despois de comprobadas, o órgano competente ditará resolución pola que declara aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, coas causas que motivaron a exclusión, así como a designación do tribunal cualificador.

A resolución publicarase no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello de Baiona, sede electrónica sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web do Concello de Baiona [www.baiona.org](http://www.baiona.org), concedéndose un prazo de 10 días contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no BOP, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión, así como para promover a recusación dos membros dos tribunais.

Transcorrido o prazo anterior, o órgano competente ditará nova resolución pola que aprobará a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo correspondente, e fixará o lugar e a data de comezo das probas.

### *6ª.—TRIBUNAL CUALIFICADOR*

O tribunal cualificador das probas selectivas estará formado por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe o Alcalde, publicándose a súa composición consonte o disposto na base anterior, coa lista provisional de admitidos e excluídos a cada proceso selectivo.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados xunto cos titulares.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica e os seus membros deberán deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao exigido para participar no proceso selectivo. Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual e aquelas persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.



Xoves, 7 de febreiro de 2019

Núm. 27

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme a lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas cos labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración é as súas especialidades técnicas. Así mesmo o tribunal poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.

O tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecida na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra as resolucións e actos do tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderá interpoñerse recurso ante a autoridade que nomee ao seu Presidente.

Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, aboaráselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente no momento dos devengos. As indemnizacións dos asesores, salvo disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.

### **7ª.—OBRIGA DOS ASPIRANTES DE CONCORRER ÁS PROBAS**

Os aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que for a causa que lles impedir acudir, agás que a excusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal,



Xoves, 7 de febreiro de 2019

Núm. 27

**8ª.—CARACTERÍSTICAS DAS PROBAS SELECTIVAS**

a) Os procedementos de selección, na fase de oposición, consistirán en probas de coñecementos xerais ou específicos teóricos e prácticos.

b) Na fase de concurso, no seu caso, comprobaranse e cualifícanse os méritos alegados polos/as aspirantes.

**9ª.—COMEZO DOS EXERCICIOS**

A data, a hora e o lugar na que deba constituírse cada tribunal, así como o día, hora e lugar para o comezo do primeiro exercicio das probas selectivas convocadas anunciarase no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello de Baiona, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web do Concello de Baiona ([www.baiona.org](http://www.baiona.org)), xunto coa resolución aprobatoria da lista definitiva de admitidos e excluídos.

A publicación dos sucesivos anuncios de realización dos restantes exercicios e dos resultados destes efectuarase polo tribunal, con 24 horas de antelación cando menos a tal realización, no taboleiro de anuncios do Concello de Baiona, sen prexuízo da súa publicación complementaria na Sede Electrónica do Concello de Baiona ([www.baiona.org](http://www.baiona.org)).

En todo caso, para os efectos do cómputo dos prazos previstos nas presentes bases reguladoras, considérase publicación oficial dos anuncios do tribunal cualificador do proceso selectivo aquela publicación realizada no taboleiro de anuncios do Concello de Baiona.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único; perderán o seu dereito os opositores que non comparezan cando se realice.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos exercicios.

**10ª.—DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DAS PROBAS SELECTIVAS**

En calquera momento o tribunal poderá requirir os opositores para que acrediten a súa identidade.

A orde de actuación das/os opositoras/es iniciarase alfabeticamente pola/o primeira/o da letra «G», de conformidade co establecido na Resolución do 17 de xaneiro de 2018 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº19 de febreiro de 2016).

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do interesado, deberá propor ao órgano competente a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.



Xoves, 7 de febreiro de 2019

Núm. 27

Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente o tribunal fará pública a relación de aspirantes que o superasen, coa indicación da puntuación ou cualificación obtida no taboleiro de anuncios do Concello de Baiona, e páxina web do Concello de Baiona ([www.baiona.org](http://www.baiona.org)) do Concello de Baiona. Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de non aptos, e polo tanto quedarán eliminados do proceso selectivo.

Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que os membros do tribunal, os colaboradores designados por este e os opositores, agás que o tribunal acorde a realización dalgunha proba que o poida requirir de xeito oral, que se realizarán en sesión pública.

Dende a total terminación dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 15 días hábiles.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse o recurso procedente ante o órgano competente de conformidade co previsto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

#### 11ª.—PROBAS DA OPOSICIÓN E A SÚA ORDE DE DESENVOLVEMENTO

As probas da oposición, obrigatorias e eliminatorias, son as seguintes, citadas polo orde en que deberán desenvolverse:

*Primeiro exercicio.*—Consistirá na realización do seguinte exercicio: obrigatorio e eliminatorio, consistente na realización de varias probas de execución práctica, de orden profesional, acorde coa praza convocada e relacionados coas funcións do posto de traballo o que se opta e se conteña no temario específico, que planteará o Tribunal inmediatamente antes do comezo da súa realización debendo ser executados no tempo e forma que o Tribunal determine. Este exercicio valorarse entre 0 a 20 puntos, sendo necesario para a súa superación obter unha cualificación mínima de dez puntos, quedando eliminados aqueles aspirantes que non superen tal puntuación. Dita puntuación obterase da suma das puntuacións conseguidas nas distintas probas a realizar segundo determine o Tribunal.

*Segundo exercicio.*—Consistirá na realización do seguinte exercicio: obrigatorio e eliminatorio, consistente na resolución por escrito dos supostos prácticos proposto polo tribunal, de orden profesional, acorde coa praza convocada e relacionados coas funcións do posto de traballo o que se opta e se conteña no temario específico, que planteará o Tribunal inmediatamente antes do comezo da súa realización debendo ser executados no tempo e forma que o Tribunal determine. Este exercicio valorarse entre 0 a 20 puntos, sendo necesario para a súa superación obter unha cualificación mínima de dez puntos, quedando eliminados aqueles aspirantes que non superen tal puntuación. Dita puntuación obterase da suma das puntuacións conseguidas nas distintas probas a realizar segundo determine o Tribunal.

*Terceiro exercicio.*—Coñecemento da lingua galega; Obrigatorio e non eliminatorio para os aspirantes non exentos. Consistirá na tradución directa do Castelán o galego dun texto proposto polo tribunal cualificador sen axuda de dicionario. Esta proba ten unha duración máxima de 30



minutos e os aspirantes serán cualificados como apto ou non apto. O/a aspirante que non obtivese a cualificación de apto, no caso de ser seleccionado, deberá realizar o curso de iniciación no termo máximo dun ano. Consonte o establecido no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia estarán exentos da realización dunha proba específica de galego os aspirantes que acrediten posuir no día da finalización do prazo de presentación das instancias o CELGA 2 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

### 11ª.—FASE DE CONCURSO

Nesta fase valoráranse os méritos acreditados polos aspirantes ata un máximo de 8 puntos, segundo o seguinte baremo.

#### A.—Coñecemento e experiencia profesional.—ata un máximo de 6 puntos:

Deberá ter unha antigüidade de dous anos no corpo ou escala á que pertencen.

A.1.—Por cada ano integrado no grupo ou escala de orixe a razón de 0,25 puntos por cada ano completo.

Deberá acreditarse mediante certificado de prestación de servizos emitido polo órgano competente da Administración, ou vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social xunto co contrato de traballo inscrito no SEPE ou nóminas.

No serán obxecto de valoración a experiencia que só se acredite co contrato de traballo, sen nóminas ou vida laboral.

A.2.—Polo traballos realizados no grupo ou escala que conleven a coordinación de servizos e responsabilidade a razón de 0,30 puntos por cada ano completo.

Deberá acreditarse mediante certificado de prestación de servizos emitido polo órgano competente da Administración, ou vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social xunto co contrato de traballo inscrito no SEPE ou nóminas

#### B.—Formación Profesional.—Ata un máximo de 2 puntos

2.—Por cursos impartidos polas Administracións Públicas, universidades e Cursos oficiais derivados do cumprimento dos acordos de formación continua das administracións públicas dentro da súa labor de formación e capacitación permanente de persoal e cursos impartidos polos colexios profesionais e sindicatos que teñan relación coas funcións do posto ó que se adscriba á praza.





Xoves, 7 de febreiro de 2019

Núm. 27

<i>DURACIÓN / HORAS</i>	<i>PUNTOS</i>
100 ou máis horas	1 punto
De 60 a 99 horas	0.60 puntos
De 30 a 59 horas	0.40 puntos
De 10 a 29 horas	0.20 puntos
9 ou menos horas	0.10 puntos

Non se valoran a asistencia a xornadas nin congresos

A estimación dos méritos, que se publicará no taboleiro de anuncios e na paxina web do concello ([www.baiona.org](http://www.baiona.org)) dous días antes como mínimo do comezo da fase de oposición, farase de acordo coa documentación presentada. En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición. A suma total dos méritos da fase de concurso non suporá máis do 40% do total do proceso selectivo.

#### *12ª.—PUNTUACIÓN FINAL DOS ASPIRANTES E PUBLICACIÓN DA RELACIÓN DE APROBADOS*

1) Á cualificación obtida polos/as aspirantes na oposición, resultante da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios, engadirase á puntuación obtida na fase de concurso, acadándose así a puntuación final.

2) Determinada a cualificación final dos/as aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados/as por orde de puntuación no taboleiro de anuncios do Concello.

3) O tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou as probas selectivas un número superior de aspirantes ou das prazas convocadas en cada proceso selectivo. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

4) Non obstante, o tribunal, a cualificar cada un dos exercicios, non terá en conta a limitación anterior, que só se considerará ó formularlle ó Alcalde a proposta coa relación de aprobados, na que só se incluírán aqueles opositores que obtivesen a maior puntuación total final, que nunca poderán superar o número de prazas convocadas en cada proceso selectivo.

5) No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e, se isto non fose suficiente, pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios e por último a puntuación obtida na fase de concurso, ata que o empate se resolva. De persistir o empate este resolverá por sorteo.

#### *13ª.—ACHEGA DE DOCUMENTOS POLOS OPOSITORES APROBADOS*

1) A relación de aprobados/as, publicada no taboleiro de anuncios do Concello, conterá unha advertencia recordándolles ós opositores aprobados que deberán presentar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para ingresar na función pública local e acceder á praza convocada.



Xoves, 7 de febreiro de 2019

Núm. 27

2) Os/as aspirantes propostos achegarán, dentro do prazo de 20 días naturais, contados desde a publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e mailos requisitos esixidos na convocatoria:

a) Documento nacional de identidade mediante fotocopia compulsada por ambos lados.

b) Certificado médico, sen prexuízo dun posterior recoñecemento.

c) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

d) Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos para o ingreso nas bases específicas de cada proceso selectivo.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos en que o aspirante non poderá ser nomeado como funcionario, o órgano competente, ao abeiro do disposto no artigo 61.8º da Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, deberá substituílo polo seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadado

A relación de aprobados publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, sede electrónica e, de forma complementaria, publicarase na páxina web do Concello de Baiona.

#### *14ª.—NOMEAMENTO COMO PERSOAL FUCNIONARIO*

Achegados os documentos procederase e ao nomeamento dos aspirantes polo Sr. Alcalde e logo de prestar xuramento de conformidade co Real decreto 707/1979, do 5 de abril deberá tomar posesión do seu cargo nun prazo dun mes a contar dende a publicación do nomeamento no DOG

#### *15ª.—RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES*

O aspirante quedará sometido dende o momento da súa sinatura da toam de posesión ao réxime de incompatibilidades que establece a lexislación vixente nesta materia dado pola Lei 53/84, do 26 de decembro, e normas de desenvolvemento.

Por dilixencia, farase constar na cata de toma de posesión a manifestación do interesado de non vir desenvolvendo ningún posto ou actividade no sector público e que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade, así como de non atoparse percibindo pensión de xubilación, retiro e orfandade por dereitos pasivos ou por calquera réxime da Seguridade Social, público e obrigatorio. De estar a desenvolver unha actividade incompatible coa nova, terá que optar por unha delas dentro do prazo de toma de posesión.



Xoves, 7 de febreiro de 2019

Núm. 27

**16ª.—CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES**

As bases desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

**17ª.—INCIDENCIAS**

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

**18ª.—RÉXIME XURÍDICO**

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; o Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm.32, do 17/02/2016); Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia, Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, e demais disposicións.

**19ª.—DISPOSICIÓN FINAL**

As bases xerais e específicas da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Lexislación reguladora das bases do réxime local, así como na Lexislación reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, segundo corresponda.

Así mesmo a Administración municipal poderá, de ser o caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais de conformidade co previsto na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



Xoves, 7 de febreiro de 2019

Núm. 27

*ANEXO I.—TEMARIO ESPECÍFICO*

- 1.—Morteros e hormigones. Tipoloxía, fabricación y posta en obra.
- 2.—Albanelería. Fabricas de ladrillo. Cubertas Revestimentos de suelos, teitos, paredes e escaleras.
- 3.—Redes xerais de saneamento. Tipoloxía. Instalación y posta en obra. Mantemento e reparacións.
- 4.—Pavimentación de viales. Tipoloxía. Sistemas constructivos. Mantenimiento y reparacións. Sinalización de viaís
- 5.—Carpintería. Posta en obra.
- 6.—Mantemento y reparación de edificios. Sistematoloxía e Patoloxías.
- 7.—Maquinaria de construción. Tipoloxía, usos, mantemento e conservación.

*INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE CAPATAZ DE BRIGADA DE OBRA.DO CONCELLO DE BAIONA.*

NOME:..... APELIDOS: .....

D.N.I.: ..... Correo electrónico: ..... ENDEREZO:

Rúa..... núm. .... Localidade..... C.P.....

TELEFONO: .....

Por medio do presente declara que reúne todos os requisitos esixidos na convocatoria e que está en posesión do título esixido nas bases da convocatoria e non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que se fose separado ou inhabilitado, polo que solicita ser admitido/a no correspondente proceso selectivo.

Baiona, a de de 2018



Xoves, 7 de febreiro de 2019

Núm. 27

*DOCUMENTACION A PRESENTAR XUNTO A PRESENTE SOLICITUDE*

- Copia do DNI
- Declaración xurada de cumpri-los requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade previstas na lexislación vixente.
- Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados)
- Fotocopia do ingreso de 6 € en concepto de taxa por acceso a probas de selección de persoal
- No seu caso, fotocopia do certificado oficial acreditativo do coñecemento da lingua galega

Así mesmo, manifesto que desexo realizar o exame en idioma .....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BAIONA

O Alcalde, Ángel M. Rodal Almuña. Baiona na data que figura ao marxe deste documento asinado electronicamente.

